

A12X00511

SERVIZO DE PROPIEDADE FORESTAL

C03.03002

Exp. LU-11/136 EOL

ASUNTO: Informe Sectorial sobre a Separata da “Modificación do PARQUE EÓLICO CANEDO”.

EXPEDIENTE: INF_3902022.

1.-ANTECEDENTES

Con data 30.04.2010 a Consellería de Economía e Industria dita resolución pola que se admite a trámite o Parque Eólico Canedo de 13,50 MW.

O 24.06.2011 Galfor Eólica S.L. presenta na Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de Economía e Industria, solicitude de autorización Administrativa, Aprobación do Proxecto de Execución, Aprobación do Proxecto Sectorial, Tramitación Ambiental, Inclusión no Réxime Especial e Declaración de Utilidade Pública do Parque Eólico Canedo.

Con data 10.11.2011 solicítase á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas a modificación da distribución do Parque Eólico canedo xunto coa dos parques Airas e Figueiras, todos eles na mesma zona, de xeito que se aproveite a interconexión.

O 16.02.2012 o promotor solicita á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas a continuidade na tramitación medioambiental nos parques Airas, Figueiras e Canedo, sendo o seguinte paso a entrega do Estudo de Impacto Ambiental individual de cada parque eólico.





O 19.06.2012 se entrega na Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de Economía e Industria a solicitude Autorización Administrativa, Aprobación do Proxecto de Execución, Aprobación do Proxecto Sectorial, Tramitación Ambiental, Inclusión no Réxime Especial e Declaración de Utilidade Pública do Parque Eólico Canedo, facendo entrega, entre outros documentos, do Proxecto de Execución do Parque Eólico Canedo.

Mediante resolución o 21.09.2012 a Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de Economía e Industria en Lugo, somete a información pública para a autorización administrativa, a probación do proxecto de execución, declaración de utilidade pública, a inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica e aprobación do estudo de impacto ambiental e do correspondente proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, das instalacións relativas ao parque eólico canedo. Dita resolución foi publicada o 31.10.2012, no BOP e DOGA.

Durante a tramitación do proxecto do parque eólico diversos organismos emiten unha serie de consideracións en relación ao proxecto e estudo de impacto ambiental, entre as que se atopan modificación dalgunhas infraestruturas. Con data 06.06.2014 preséntase o documento “Parque Eólico Canedo. Proposta de modificación de la distribución en planta”.

Mediante a Resolución do 06.10.2014 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas autoriza as modificacións do proxecto do parque eólico Canedo.

O 03.11.2014, a Secretaría Xeral de calidade e Avaliación Ambiental emitiu a declaración de impacto ambiental correspondente ao Parque eólico Canedo e publícase no DOGA de 09.02.2015.

O 03.08.2015 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas require a presentación do proxecto de execución coas modificacións autorizadas conforme á resolución do 06.10.2014.

Con data 02.10.2015 entrégase un novo proxecto de execución do parque eólico Canedo que substitúe á versión de xuño de 2012 en tódoo proceso de tramitación do parque eólico Canedo.

Por resolución do 22.08.2017, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, se fai público o Acordo do Consello da Xunta, do 03.08.2017, polo que outórgase a autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción e declárase a utilidade pública do parque eólico Canedo.





Dado o tempo transcorrido dende o inicio do expediente, o promotor considerou necesario adecuar os aeroxeradores á tecnoloxía actual, polo que realízase unha modificación substancial do parque eólico e se entrega o “Proyecto de Ejecución de la modificación del Parque Eólico Canedo. Noviembre 2020”.

O 23.03.2022 publícase no DOGA o Acordo de 14.03.2022 da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, a declaración de utilidade pública, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (de interese autonómico), en relación co proxecto de modificación do parque eólico canedo (Exp. LU-11/136-EOL).

Unha vez emitida a Declaración de Impacto Ambiental con data 07.07.2022 procédese a realizar un refundido do proxecto de execución co obxecto de adaptalo ao documento ambiental.

- se adecúa a gabia para o aloxamento de condutores facendo a traza paralela ao vial.

O día 24.11.2022 ten entrada neste servizo unha solicitude de informe sectorial sobre a Separata do proxecto de Execución Parque Eólico Canedo nos concellos de O Valadouro, Alfoz e Mondoñedo na provincia de Lugo.

O petionario e promotor das instalacións obxecto deste documento é a sociedade Galfor Eólica S.L. con CIF B-70.259.098.

2.- OBXECTO E DESCRICIÓN DO PROXECTO

O obxecto é analizar as posibles afeccións do proxecto do Parque Eólico Canedo.

Os terreos onde implantarase o parque eólico Canedo está, localizados nos concellos de Alfoz, O Valadouro (que non consta no proxecto) e Mondoñedo na provincia de Lugo e a área de implantación afecta a 208 Ha. O parque eólico consta de 3 aeroxeneradores Nordex N163 de 4,5 MW de potencia, constituíndo unha potencia total instalada de 13,5 MW que distribúese nas paraxes de Coto Viñín e Croa.





POLIGONAL UTM ETRS89 HUSO29 PERIMETRAIS POLIGONAL PARQUE EÓLICO	
Coordenada X	Coordenada Y
629925,08	4816686,49
630875,08	4815086,49
628275,08	4815086,49

Os tres aeroxeneradores teñen unha disposición e características resumidas na seguinte táboa.

PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS	
Número de aeroxeneradores	3
Potencia nominal unitaria (KW)	4.500
Modelo/fabricante	NORDEX (N163)
Altura de buje (m)	150
Diámetro do rotor (m)	163

A disposición (coordenadas ETRS89 H29) dos tres aeroxeneradores é a seguinte:

TURBINA	X	Y
C1	629660,09	4816150,49
C2	629682,09	4815886,49
C3	630151,10	4815593,49

O proxecto tamén contempla a instalación dunha torre meteorolóxica de medición 117,5 m. cuxa disposición é a seguinte:

COORDENADAS ETRS89 H29	
TORRE DE MEDICIÓN	
X	Y
629.956,08	4.815.864,49

O aeroxerador C1 unirase aos circuítos de media tensión do parque, evacuando a enerxía dende o mesmo, mediante unha liña soterrada de 20KV á subestación do Parque eólico de Airas, que non é obxecto deste proxecto.





3.- DESCRICIÓN DAS AFECCIÓNIS

- A plataforma de montaxe terá unha superficie de 40 x40 m.
- A zona para a montaxe da grúa principal terá unha superficie de 20x60 m.
- Instalarase unha zona de acopio ao inicio do vial de acceso con unha superficie de 2.249 m². Unha vez rematadas as obras se restaurará a cuberta vexetal.
- A cimentación dos aeroxeradores e a torre de medición terá unha zapata de base circular de 21 m. de diámetro e un canto variable de 0,5 m. a 2 m. sobre a que construírse un pedestal macizo de formigón de 9 m. de diámetro e 0,5 m. de alto.
- A cimentación da torre meteorolóxica estimouse segundo as recomendacións do fabricante, nunha base cadrada de 11,3 m. de lado e 2 m. de profundidade.
- Co obxecto de minimizar a ocupación do terreo, os accesos externos ao parque aproveitarán as infraestruturas xa existentes. Os accesos específicos á liña de aeroxeradores terán o ancho necesario para poder permitir o tránsito de camións e grúas e terán un mínimo de 6 m. útiles ampliándose ata unha altura de 10 m. para permitir o tránsito simultáneo de transportes e con unha pendente lonxitudinal máxima do 10%. En aquelas curvas pechadas e en pendente o ancho do vial ampliarase a 8 m. útiles. Os últimos 50 cm., previos as cunetas, non son válidos para soportar pesos polo perigo de cesión do terreo. Ademais nas curvas, a cuneta do interior deberá ser entubada o de profundidade máxima 10 cm.
- Para instalar o cableado de media tensión que comunica os aeroxeradores entre si coa subestación transformadora empregaranse canalizacións, que se abrirán para a colocación de ditos cables soterrados. Ademais existirá outro circuíto de comunicacións e servizos auxiliares, que alimentará os equipos de regulación, motores de orientación, unidade hidráulica e outras ferramentas de alumeado e manobra da góndola e torre través de canalizacións entre o aeroxerador e o centro de control.
- A gavia, no terreo normal, consistirá unha escavación de 1 m. de profundidade e entre 0,50 m. e 0,60 m. de anchura dependendo do número de liñas de 20 KV que pasen por ise tramo. A canalización para cruce de camiños se disporá unha arqueta rexistrable o pechada para súa manipulación. As gaviás estarán sinalizadas no terreo con unhas mouteiras de formigón pintado para súa identificación.
- Para a instalación da rede de terra, utilizarase as canalizacións para cableado e as escavacións para a cimentación dos aeroxeradores.





4.- CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (DOG núm. 252, do 29 de decembro).

- No seu artigo 45.7. Prevalencia en afeccións a montes veciñais en man común.

- Na disposición adicional terceira. Infraestruturas de evacuación.

- Na disposición transitoria segunda. Áreas de desenvolvemento eólico (ADE)

- Decreto 260/1992, de 4 de setembro, que regula a Lei 13/1989, de 10 outubro, de montes veciñais en man común (DOG. Núm. 186, do 23 de setembro).

- No seu artigo 6. Expropiación Forzosa.

- No seu artigo 7. Ocupación e servidumes.

- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia (DOG núm. 140, do 23 de xullo).

- No seu artigo 58. Uso e actividade forestal.

- No seu artigo 59. Cambio de uso forestal.

- No seu artigo 66. Informe sobre os instrumentos de ordenación do territorio e sobre o planeamento urbanístico.

- No seu artigo 68. Distancias das repoboacións.

- No seu artigo 68 bis. Adecuación das masas arboradas e das novas plantacións ás distancias mínimas establecidas pola normativa forestal e de defensa contra os incendios forestais.

- No seu anexo II. Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións.

- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. (DOG núm. 74 do 17 de abril).

- No seu artigo 20. Redes primarias de faixas de xestión de biomasa.

- No seu artigo 20 bis. Redes primarias de faixas de xestión de biomasa.

- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro. (BOE núm. 294, do 6 de decembro).

- No seu artigo 7.1. Ámbito da aplicación da AIA.

- No seu artigo 34. Actuacións previas: consulta as administracións públicas afectadas.





- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE num. 310, do 27 de decembro) e a resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción de acordo co previsto nesta Lei (DOG núm. 54, do 19 de marzo).

- No seu artigo 53. Autorización de instalación de transporte, de distribución, produción e liñas directas

INFORMO

O trazado deseñado para as infraestruturas afecta a montes veciñais en man común. Trátase de terreos que forman parte de benes indivisibles, inalienables, imprescriptibles e inembargables. Segundo o artigo 6 da Lei 13/1989, de montes veciñais en man común, e no caso de que sexa necesario expropiar estes terreos, sería preciso declarar previamente a prevalencia de utilidade pública o interese social do novo equipamento público fronte ao interese do propio monte veciñal. A empresa promotora e as comunidades propietarias deses montes veciñais poden firmar, de común acordo, un acto de disposición (cesión, ocupación ou dereito de superficie) elevado a escritura pública que non obrigue á expropiación das superficies afectadas.

As superficies de afección do parque al medio forestal verán determinadas polas áreas ocupadas directamente polo aeroxerador de enerxía eólica e as demais infraestruturas do parque eólico, polas distancias de servidume que operen para cada elemento construtivo e ademais pola superficie necesaria para o cumprimento das distancias de plantación da Lei de Montes de Galicia e demais normativa de prevención de incendios relativas ás redes de faixas de xestión de biomasa. Será necesario constituír as faixas de biomasa descritas na Lei 3/2007 o redor das instalacións que produzan, almacenes ou transporten enerxía eléctrica de forma aérea e das edificacións e camiños que se constrúan.





INFORME DO DISTRITO FORESTAL VI-A MARIÑA LUCENSE

- Segundo o proxecto a instalación afectaría aos terreos do MVMC de TOXIZA, BRAÑA, PENA DO BOI E POMBEIRO" (ID 658), no termo municipal de Mondoñedo e pertenza á comunidade de Figueiras.
- O estado forestal dos terreos do M.V.M.C. afectados pola instalación de dito parque eólico, trataríase de masas regulares de fustal de Pinus radiata e Pinus pinaster duns 60-65 anos de idade cunha FCC do 100%, afectando tamén a rasos (en menor medida) e a infraestruturas viarias do monte.
- O trazado dos viais proposto supón un importante sacrificio da masa forestal.

De acuerdo con los datos del Servicio de Montes y el informe emitido por el Distrito Forestal VI, las obras afectan a montes vecinales en mano común, por lo que será necesario el informe del Servicio de Montes sobre compatibilidad y prevalencia de ambas utilidades públicas.

Como consecuencia da aplicación da normativa relativa aos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, o proxecto propón unha modificación dos planeamentos municipais dos termos municipais afectados. Procedería declarar as superficies afectadas polas infraestruturas do parque eólico como solo rústico de especial protección de infraestruturas. O Servizo de Montes lembra que, neste tipo de proxectos, dentro das superficies de vocación forestal, convén sempre supoñer a nova clasificación á de protección forestal de xeito, que en cada caso, prevalezan as condicións de uso mais restritivas dentro das correspondentes ás dos clasificacións, e que os montes conserven integramente a clasificación que incide na conservación do seus valores forestais. Ademais, este servizo considera que para estes proxectos o cambio de clasificación debería limitarse ás superficies de afección directa das infraestruturas, co obxecto de no perder potencial para a produción forestal nos arredores.

Consultados os datos de SIUTUGA, no termo municipal de Alfóz se basa no Plan Básico Autonómico e o concello non ten planeamento.

O termo municipal de Mondoñedo ten Plan Xeral de Ordenación Municipal con data de aprobación de 13.06.2016 e o PXOM está adaptado á LOUG.

Se informa favorablemente esta solicitude sempre que:





- O promotor realice un acto de disposición coa comunidade propietaria do monte, dos recollidos no título segundo do decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de M.V.M.C.

Lugo,
O Xefe do Servizo

Manuel González Fernández

V. y pr.
A Xefa Territorial

María Olga Iglesias Fontal

